




XUNTA
DE GALICIA
Turismo de Galicia

Estrada Santiago-Noia, km 3 (A Barcia)
15897 Santiago de Compostela

galicia



REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/02/2016 13:29:41

SAÍDA 644 / RX 271407




En cumprimento do artigo 16 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, comunicámosselle que a súa solicitude de Declaración de Festa de Interese Turístico de Galicia para o evento “**Festa do Viño do Condado do Tea**” informouse positivamente, para a súa proposta como festa de interese turístico de Galicia.

Mediante este documento dáse cumprimento ao esixido no artigo 58.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Achégase copia do informe emitido pola Dirección de Competitividade no que se concretan as condicións determinantes para o sentido da declaración.

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2016



Concello Salvaterra do Miño
Rúa Curros Enríquez, 34
36450 Salvaterra do Miño

III. OUTRAS DISPOSICIÓN

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2016 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 10 de marzo de 2016 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Feira do Queixo do Cebreiro (Lugo), a Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei (Ourense), o Entroido de Vilariño de Conso (Ourense), a Feira do Viño do Rosal (Pontevedra) e a Festa do Viño do Condado do Tea (Pontevedra).

En cumprimento do disposto no artigo 18 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, a Dirección da Axencia Turismo de Galicia dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta na súa reunión do 10 de marzo de 2016, que a seguir se transcribe:

«Declarar festas de Galicia de interese turístico, de conformidade co establecido no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, as seguintes:

- A Feira do Queixo do Cebreiro, que se celebra nas datas ccincidentes coa Semana Santa, no concello de Pedrafita do Cebreiro (Lugo).
- A Xuntanza Internacional de Gaiteiros de Monterrei, que se celebra na segunda semana do mes de xuño, no concello de Monterrei (Ourense).
- O Entroido de Vilariño de Conso, que se celebra nas datas do Entroido, no concello de Vilariño de Conso (Ourense).
- A Feira do Viño do Rosal, que se celebra a última fin de semana de agosto, no concello do Rosal (Pontevedra).
- A Festa do Viño do Condado do Tea, que se celebra a última fin de semana de agosto, no concello de Salvaterra de Miño (Pontevedra)».

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2016

P.A. (Artigo 19.6 do Decreto 196/2012; DOG núm. 193, do 9 de outubro)

Mª Elena Barca Ramos

Xerente da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: xafut7y17-1st1-evc2-cpu9-dgwt5c1jps.

